

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.02.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.17 h do 02.02.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente (quen abandona a sesión ás 19.18 h antes do comezo do punto sexto da orde do día), Tamara Miragaya López (quen se incorpora ás 18.19 h no punto cuarto da orde do día) , José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Angeles Coira López, Antón Lois Noceda Carballo (quen se atopa ausente do salón de sesións no momento da votación do punto 5.1 da orde do día e quen abandona a sesión con excusa ás 19.55 h no punto sexto da orde do día), María del Mar Piñeiro Otero, Ana Basoa Rioboo, Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria do 05.01.2023 e extraordinarias do 28.10.2022 e 17.01.2023

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 05.01.2023 e extraordinarias do 28.10.2022 e 17.01.2023

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 001/2023 á 059/2023

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de rectificación do erro detectado na fórmula pola que se determina a forma de calcular o prezo do contrato de axuda no fogar para o ano 2023 fixada por acordo do Pleno o 01.12.2022

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal do 23.01.2023, por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 1 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal), e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular e 1 da concelleira do Grupo municipal do BNG, Cristina García Moroño, que se ausenta por incorrer en causa de abstención), que transcrita di:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 01.12.2022 acordou modificar o contrato do servizo de axuda no fogar nos seguintes termos:

“1.-Modifícase o prezo hora do contrato para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación do seguinte xeito:

-Para o ano 2022 a partir do momento de formalización desta modificación o contrato será retribuído como segue:

-Hora ordinaria: $17.29+0.69$ de IVE= 17.98 €

-Hora extraordinaria: $16.80+0.67$ IVE= 17.47 €

O-G
09€
150
P-
F:
C.I.

2.- A partir do ano 2023 os prezos hora fixados no contrato incorporarán a revisión salarial estipulada no convenio colectivo, acordo ou normativa laboral que lle resulte de aplicación para o ano 2023 seguindo a seguinte fórmula:

-Hora ordinaria: $[(17.29 + \% \text{ revisión salarial}) - 0.36 \text{ €}] + 4\% \text{ IVE}$

-Hora extraordinaria: $[(16.80 + \% \text{ revisión salarial}) - 1.53 \text{ €}] + 4\% \text{ IVE}$

3.-O resto do contrato manterase nos termos estipulados.”

Ao tratar co contratista o novo prezo aplicable para o 2023 detectouse un erro na fórmula aplicable para fixar o prezo do 2023, xa que volver restar a baixa ofertada polo contratista, cando esta baixa xa se incluía na modificación do prezo do 2022.

Así se reflicte nos cálculos do prezo feito no informe favorable conxunto da secretaría e da intervención accidental:

“TERCEIRO.-Concretado que o prezo contractual non atende aos prezos de mercado e que o seu mantemento creba o principio de enriquecemento inxusto que debe presidir a relación contractual entre o Concello de Fene e o contratista do servizo de axuda no fogar, debe estimarse que, cando menos, debe incluírse no prezo a suba do IPC incorporado aos salarios no exercicio 2022.

O novo prezo hora que se fixa atende aos seguintes cálculos partindo do estudo de custes do servizo de xullo 2021:

O custe de persoal fixado no estudo económico ascende a 896.249,34 €. O incremento de custes de persoal segundo datos subministrados por SAMAIN en novembro de 2022 é de 118021,67€ (1.014.271,01-896.249,34), o que representa un sobrecuste do 11.64% respecto de valor estimado no contrato para gastos de persoal (118021,67*100/1.014.271,01)

O custe estimado para outros gastos e beneficio industrial ascende a 76564,96 € (valor estimado total de 972.814,30 €- valor estimado de custes de persoal de 896.249,34), o que representa un 7.87% (76564,96*100/972.814,30)

Atendendo a que o tipo hora de licitación é

-Hora ordinaria sen ive: 16,65

-Hora extraordinaria sen ive: 17.29

Debe considerarse que a parte proporcional que representa o persoal nos ditos prezos hora é a que segue:

-Hora ordinaria: $16.65 * 7.87 / 100 = 1.31$; $16.65 - 1.31 = 15.34 \text{ €}$

-Hora extraordinaria: $17.29 * 7.87 / 100 = 1.36$; $17.29 - 1.36 = 15.93 \text{ €}$

Os prezos hora incrementados polo sobrecuste de persoal quedarían como segue aplicando a suba e revisión salarial por IPC prevista no convenio colectivo de aplicación:

-Hora ordinaria: $15.34 + 1.00$ (6.5% de suba convenio colectivo) $+ 1.31 = 17.65$ + ive $0.71 = 18.36 \text{ €}$

-Hora extraordinaria: $15.93 + 1.04$ (6.5% de suba convenio colectivo) $+ 1.36 = 18.33 + 0.73$ ive $= 19.06 \text{ €}$

A oferta presentada por Samaín Servizos á Comunidade foi a que segue:

-Prezo hora ordinaria ofertado sen ive: 16.29 (o que supón unha baixa de 0.36 €)

-Prezo hora extraordinaria ofertado sen ive: 15.76 (o que supón unha baixa de 1.53 €)

Polo tanto, o prezo 2022 aplicando o incremento do 6.5 de IPC nos salarios segundo o convenio colectivo aplicable e a baixa ofertada resultaría o que segue:

-Hora ordinaria: $17.65 - 0.36 = 17.29 + 0.69$ de ive $= 17.98 \text{ €}$

0-0
09€
150
P.
F.
C.T.

-Hora extraordinaria: $18.33-1.53=16.80+0.67 \text{ iva}=17.47 \text{ €}$

Consta audiencia favorable á rectificación do erro por parte do contratista do 18.01.2023, así como informe favorable conxunto da secretaría e intervención municipal do 17.01.2023.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015 permite ás Administracións Públicas “rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

Detectado un erro de feito na fórmula pola que se determina a forma de calcular o prezo do contrato de axuda no fogar para o ano 2023 fixada por acordo do Pleno o 01.12.2022 pola que se modifica o contrato, en base ao citado artigo 109.2 da Lei 39/2015 procede rectificar o dito acordo, de tal xeito que se elimine da fórmula para a fixación do prezo do contrato no 2023 a aplicación da baixa ofrecida polo contratista, xa que xa estaba incluída no prezo/hora do 2022 do que parte a fórmula do 2023.

O Pleno é o órgano competente para adoptar este acordo ao ser o órgano de contratación conforme á DA 2ª LCSP, polo que, en base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Rectificar o erro detectado na fórmula pola que se determina a forma de calcular o prezo do contrato de axuda no fogar para o ano 2023 fixada por acordo do Pleno o 01.12.2022 pola que se modifica o dito contrato de forma que

Onde di:

“1.-Modifícase o prezo hora do contrato para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación do seguinte xeito:

-Para o ano 2022 a partir do momento de formalización desta modificación o contrato será retribuído como segue:

-Hora ordinaria: $17.29+0.69 \text{ de IVE}=17.98 \text{ €}$
-Hora extraordinaria: $16.80+0.67 \text{ IVE}=17.47 \text{ €}$

2.- A partir do ano 2023 os prezos hora fixados no contrato incorporarán a revisión salarial estipulada no convenio colectivo, acordo ou normativa laboral que lle resulte de aplicación para o ano 2023 seguindo a seguinte fórmula:

-Hora ordinaria: $[(17.29+\% \text{ revisión salarial}) -0.36 \text{ €}]+4\% \text{ IVE}$
-Hora extraordinaria: $[(16.80+\% \text{ revisión salarial}) -1.53 \text{ €}]+4\% \text{ IVE}$

3.-O resto do contrato manterase nos termos estipulados.”

Debe dicir:

“1.-Modifícase o prezo hora do contrato para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación do seguinte xeito:

-Para o ano 2022 a partir do momento de formalización desta modificación o contrato será retribuído como segue:

-Hora ordinaria: $17.29+0.69 \text{ de IVE}=17.98 \text{ €}$
-Hora extraordinaria: $16.80+0.67 \text{ IVE}=17.47 \text{ €}$

2.- A partir do ano 2023 os prezos hora fixados no contrato incorporarán a revisión salarial estipulada no convenio colectivo, acordo ou normativa laboral que lle resulte de aplicación para o ano 2023 seguindo a seguinte fórmula:

-Hora ordinaria: $[17.29+\% \text{ revisión salarial}]+4\% \text{ IVE}$
-Hora extraordinaria: $[16.80+\% \text{ revisión salarial}]+4\% \text{ IVE}$

D-O
09€
150
P-
F:
C.T.

3.-O resto do contrato manterase nos termos estipulados.”

SEGUNDO.-Esta modificación deberá ser formalizada de conformidade co previsto no artigo 153 LCSP.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil do contratante no prazo de cinco días dende a súa aprobación, acompañado das alegacións do contratista de habelas e de todos os informes recabados con carácter previo á súa aprobación, incluídos os aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Fronte a este acordo, por entender que a modificación debeu ser obxecto de nova adxudicación, e con anterioridade á interposición do recurso contencioso administrativo, poderase interpoñer o recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 44 da LCSP, no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se publique o anuncio de modificación no perfil do contratante, sen que proceda a interposición dos recursos administrativos ordinarios.

O escrito de interposición poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), en adiante LPACAP. Así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso, isto é, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (neste caso o recurso poderá presentarse telematicamente na web: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.)

Os escritos presentados en rexistros distintos dos dous citados especificamente no parágrafo anterior, deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos.

En tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso especial en materia de contratación, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado no prazo de dous meses previsto na Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey”

Abre o debate a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, que anuncia que o seu grupo vaise abster neste punto, xa que non entenden que case o único contrato que saca este concello a licitación conteña tantos erros e tendo en conta ademais que o grupo de goberno do Concello de Fene ten contratada unha empresa externa que está a facturar 3.000 euros ao mes para a realización de contratos.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do Grupo Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que afirma que unha vez mais hai erros nos pregos, na execución como resultado da falta de traballo, ademais nun contrato moi sensible. As demoras, os erros, fan que o servizo sexa deficitario e precario, co cal o Grupo Municipal Socialista non se pode comprometer cun traballo que é responsabilidade do goberno.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple logo de obter 6 votos a favor (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 10 abstencións (5 do grupo municipal do PP, 4 do grupo municipal Socialista e 1 da concelleira do grupo do BNG Cristina García Moroño -por incorrer en causa de abstención-).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

C.O
36€
150
P.
F.
C.T.

PRIMEIRO.-Rectificar o erro detectado na fórmula pola que se determina a forma de calcular o prezo do contrato de axuda no fogar para o ano 2023 fixada por acordo do Pleno o 01.12.2022 pola que se modifica o dito contrato de forma que Onde di:

"1.-Modifícase o prezo hora do contrato para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación do seguinte xeito:
-Para o ano 2022 a partir do momento de formalización desta modificación o contrato será retribuído como segue:

-Hora ordinaria: $17.29+0.69$ de IVE= 17.98 €
-Hora extraordinaria: $16.80+0.67$ IVE= 17.47 €

2.- A partir do ano 2023 os prezos hora fixados no contrato incorporarán a revisión salarial estipulada no convenio colectivo, acordo ou normativa laboral que lle resulte de aplicación para o ano 2023 seguindo a seguinte fórmula:

-Hora ordinaria: $[(17.29+\% \text{ revisión salarial}) -0.36 \text{ €}]+4\%$ IVE
-Hora extraordinaria: $[(16.80+\% \text{ revisión salarial}) -1.53 \text{ €}]+4\%$ IVE

3.-O resto do contrato manterase nos termos estipulados."

Debe dicir:

"1.-Modifícase o prezo hora do contrato para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación do seguinte xeito:
-Para o ano 2022 a partir do momento de formalización desta modificación o contrato será retribuído como segue:

-Hora ordinaria: $17.29+0.69$ de IVE= 17.98 €
-Hora extraordinaria: $16.80+0.67$ IVE= 17.47 €

2.- A partir do ano 2023 os prezos hora fixados no contrato incorporarán a revisión salarial estipulada no convenio colectivo, acordo ou normativa laboral que lle resulte de aplicación para o ano 2023 seguindo a seguinte fórmula:

-Hora ordinaria: $[17.29+\% \text{ revisión salarial}]+4\%$ IVE
-Hora extraordinaria: $[16.80+\% \text{ revisión salarial}]+4\%$ IVE

3.-O resto do contrato manterase nos termos estipulados."

SEGUNDO.-Esta modificación deberá ser formalizada de conformidade co previsto no artigo 153 LCSP.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil do contratante no prazo de cinco días dende a súa aprobación, acompañado das alegacións do contratista de habelas e de todos os informes recabados con carácter previo á súa aprobación, incluídos os aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Fronte a este acordo, por entender que a modificación debeu ser obxecto de nova adxudicación, e con anterioridade á interposición do recurso contencioso administrativo, poderase interpoñer o recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 44 da LCSP, no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se publique o anuncio de modificación no perfil do contratante, sen que proceda a interposición dos recursos administrativos ordinarios.

O escrito de interposición poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), en adiante LPACAP. Así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso, isto é, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (neste caso o recurso poderá presentarse telematicamente na web: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.)

Os escritos presentados en rexistros distintos dos dous citados especificamente no parágrafo anterior, deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos.

En tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso especial en materia de contratación, non poderá interperse o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado no prazo de dous meses previsto na Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa, sen prexuízo de que o interesado poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

4. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de execución da Resolución 13/2023 do TACGAL, en relación co contrato de axuda no fogar

Consta no expediente a seguinte Proposta que é incluída na orde do día logo de obter 15 votos a favor (5 do grupo do BNG, 5 do grupo do PP, 4 do grupo Socialista e 1 do grupo Mixto) e 1 abstención da concelleira do grupo do BNG Cristina García Moroño por incorrer en causa de abstención:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: ESTIMACIÓN DOS RECURSOS ESPECIAIS DE CONTRATACIÓN NO CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR

EXPTE:2022/C010/000002

O Pleno do Concello de Fene en sesión do 01.12.2022 acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

O anuncio da licitación foi enviado ao DOUE o 02.12.2022 e publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 04.12.2022.

O prazo de presentación de ofertas expirou o 02.01.2023.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, está sometido a recurso especial en materia de contratación para o actos recorribles fixados no artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Conforme ao previsto no artigo 50 LCSP, o prazo para presentar recurso especial en materia de contratación expiraba o 28.12.2022, presentándose en prazo dous recursos, un da CIG (recurso 236/2022) e outro de AGESAF (recurso 238/2022) perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública (TACGAL), o cal solicitou a remisión no prazo de dous días hábiles do expediente de contratación e do informe do órgano de contratación.

Á vista do que antecede, a alcaldía ditou unha Resolución o 30.12.2022 pola que acordou:

“PRIMEIRO.-Emitir o seguinte INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN en relación cos recursos 236 e 238 presentados fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004 do servizo de axuda no fogar:

1.-A contratación impugnada non se atopa incluída no ámbito de aplicación definido no artigo 2.2 do Real Decreto Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a modernización da administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2.-A tramitación do expediente de contratación axustouse ao previsto na LCSP para os contratos sometidos a regulación harmonizada.

C.I.
F.:
P.
150
09€
0-0

3.-As alegacións da CIG baséanse en que o estudo económico que serviu de base para fixar o valor estimado do contrato non contempla as subas salariais do convenio colectivo de aplicación para o ano 2023 e o ano de prórroga prevista (2024).

Fundamenta as súas alegacións no previsto nos artigos 101 e 102 LCSP e a propia doutrina do TACgal en resolucións previas (108/2022, 219/2022 e 205/2022).

Emitiuse por parte da técnica que elaborou un estudo económico un informe do 29.12.2022 no que confirma que non incluíu no cálculo do custe prezo/hora a estimación de revisión salarial do 2023.

Nada hai que obxectar, polo tanto, ao alegado pola CIG, xa que efectivamente, prevéndose que a execución do contrato ía ter comezo no 2023 cunha posible prórroga no 2024, necesariamente ao abeiro do previsto nos artigos 101 e 102 LCSP ese custe debe ser incluído na avaliación do valor estimado do contrato.

4.-Respecto do recurso presentado por AGESAF consideran, por unha banda, que non se prevé na avaliación de custes a revisión salarial para os exercicios 2023, 2024 e 2025.

Sobre este extremo cómpre dicir o mesmo que respecto do alegado pola CIG, es estimar integramente o alegado, xa que ao abeiro da normativa e doutrina citada nos recursos resulta obrigado estimar a evolución salarial durante todo o período de vixencia do contrato, incluíndo as prórrogas, tal e como demanda o artigo 101 LCSP, polo que, sendo publicada a licitación en decembro de 2022 cunha duración do contrato dun ano con posibilidade de prórroga dun ano máis, resulta previsible, tendo en conta que a licitación comporta uns meses, que a execución do ano previsto se producira no 2023 e parte do 2024, e a posible prórroga en parte dos anos 2024 e 2025.

Por outra banda, AGESAF alega que non está ben calculado o importe dos custes laborais do ano 2022. Emítase informe da técnica que fixo o estudo establecendo que o estudo é confuso, se ben tivo en conta o incremento salarial fixado no convenio para o cálculo definitivo do prezo hora.

5.-Non se fan observacións sobre as medidas cautelares solicitadas.

SEGUNDO.-Dar conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación."

O 04.01.2023 o TACGAL acordou "Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación dun servizo de axuda no fogar do Concello de Fene, expediente 2022/C004/000004 dese Concello".

O Pleno en sesión do 05.01.2023 acordou:

"Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1694/2022, do 30.12.2022, pola que se emite o informe do órgano de contratación nos recursos 236 e 238/2022 interpostos fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACgal)"

O 25.01.2023 o Concello recibe a notificación da Resolución 13/2023 do TACGAL de estimación dos recursos 236 e 238 interpostos fronte ao contrato de axuda no fogar establecendo:

"Como temos sinalado en anteriores Resolucións deste TACGal, o cálculo do orzamento e valor estimado dunha licitación non pode ser alleo ás súas concretas características, e de xeito relevante á súa duración, pois doutro xeito suporía que se sabería xa nese primeiro momento que pola súa mera execución se estaría a incumplir o convenio colectivo aplicable nos casos en que este determina unha determinada evolución salarial, e en consecuencia se vulneraría tamén o concreto mandato fixado no artigo 102.3 LCSP de *"considerar os termos económicos dos convenios colectivos"* nos contratos de servizos en que o custo salarial sexa relevante, como é este suposto no que segundo o propio estudo económico da licitación os salarios previstos alcanzan practicamente o 80% dos custos totais.

Entender o contrario derivaría moi probablemente tamén na presentación de ofertas -e polo tanto na fixación dun prezo de adxudicación- que xa no momento da súa elaboración se coñece que indefectiblemente ían incumplir a normativa laboral ao longo da duración do contrato.

O informe do órgano de contratación a este recurso solicita ao respecto *"estimar integramente o alegado polos recurrentes"*, pois efectivamente non se tiña calculado ese importe salarial ao longo da duración do contrato, polo que procede xa a estimación deste motivo da impugnación.

Ademais, no recurso 238/2022 se critica tamén que se ben no estudo económico se sinala que se actualizou *"al 6,5% la tabla salarial del año 2021, lo cierto es que dicha actualización no se llevó a cabo, realizándose todos los cálculos con la referida tabla del año 2021 sin actualizar, lo que ha producido importantes desajustes económicos"*.

O-0
396
151
P-
F:
C.I.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 12/04/2023 12:31:00)

FIRMADO POR Lara Otero Díaz (FECHA: 12/04/2023 07:36:00)
Juventino José Trigo Rey (FECHA: 12/04/2023 14:50:00)
Versión imprimible

CVD: R/6mKioWBeza5aFYAN/j
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O informe técnico presentado polo órgano de contratación sinala que si se tiveron en conta os salarios do ano 2022 con base nos datos achegados pola empresa contratista. Agora ben, examinado o estudo económico da licitación non se observa que os datos se correspondan cos salarios do convenio para o ano 2022, nin maior argumento chega ao respecto o órgano de contratación, o que supón que proceda a estimación tamén deste motivo de impugnación. Finalmente, en canto á ausencia de previsión dun plus de dispoñibilidade tamén criticada nese recurso 238/2022, non se argumenta que o mesmo sexa necesario nesta contratación conforme ao establecido no convenio colectivo.

Todo o cal determina a estimación dos recursos presentados coa anulación das magnitudes económicas da licitación.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, RESOLVE:

1. Estimar os recursos interpostos, respectivamente, pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 236/2022) e pola ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE AXUDA NO FOGAR - AGESAF- (recurso 238/2022) contra os pregos da contratación dun servizo de axuda no fogar do Concello de Fene, expediente 2022/C004/000004 dese Concello.(...)"

A secretaria municipal emitiu un informe en data 30.01.2023 que di:

"PRIMEIRO.-A estimación feita polo TACGAL dos recursos 236 e 238 anula as magnitudes económicas dos pregos de cláusulas administrativas do contrato de axuda no fogar.

A Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP) establece no seu artigo 122.1 que " Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones".

Por outra banda, o artigo 152 LCSP regula a desistencia estipulando que "2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.

4. El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación."

Os tribunais administrativos de recursos contractuais, doutrina e tribunais de xustiza sinalan que para acudir ao desestimento a infracción cometida ten que vir referida a un vicio de nulidade de pleno dereito (non susceptibles de convalidación por parte da Administración - art. 47 LPACAP), xa que son os únicos considerados inenmendables, (Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón en Acordo nº 11/2014;o de Andalucía en Resolución nº 59/2015; Tribunal Catalán de Contratos do Sector Público (en diante, TCCSP) na Resolución nº 214/2020, do 17 de xuño, onde se expón que: "a doutrina sostén que non é suficiente calquera ilegalidade ou defecto de tramitación, senón que as irregularidades deben de ser constitutivas dun vicio de nulidade de pleno dereito, que impidan continuar o procedemento ou que comporten unha valoración das ofertas contraria aos principios reitores da contratación pública, e que consten debidamente motivadas (entre moitas outras, as resolucións 108/2017, 70/2017 i 142/2015 deste tribunal, as resolucións do TACRC nº 118/2020, 451/2018, 427/2017; 27/2017 i 1004/2015, as resolucións do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi 168/2019 e 65/2018, as resolucións do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid - TACPM - 1/2018, 181/2017, 243/2016, 241/2016,

117/2015 e os acordos do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón 24/2017 e 23/2017)".

Débase analizar, polo tanto, se a infracción cometida nos pregos comporta un vicio de nulidade.

O artigo 39 LCSP regula estes vicios, establecendo que serán os recollidos no artigo 47 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e outros que non son aplicables ao caso que se informa.

O artigo 47 LPACAP dispón:

"1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.
- c) Los que tengan un contenido imposible.
- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.
- f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley.

2. También serán nulas de pleno derecho las disposiciones administrativas que vulneren la Constitución, las leyes u otras disposiciones administrativas de rango superior, las que regulen materias reservadas a la Ley, y las que establezcan la retroactividad de disposiciones sancionadoras no favorables o restrictivas de derechos individuales."

A suscribinte non aprecia a concurrencia de ningún dos supostos previstos na normativa como vicio de nulidade, polo que considera que procede aplicar o previsto no artigo 122 LCSP para poder convalidar os vicios observados no estudo económico e pregos de cláusulas administrativas.

SEGUNDO.-O órgano competente para adoptar este acordo é o Pleno por maioría simple en base á DA 2ª LCSP e artigo 47 LBRL.

CONCLUSIÓN: á vista da estimación polo TACGAL dos recursos 236 e 238 interpostos fronte ao contrato de axuda no fogar, anulando as magnitudes económicas dos pregos da licitación, infórmase favorablemente a retroacción das actuacións ata o momento anterior á aprobación do expediente de contratación.

Fene, 30 de xaneiro de 2023
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas"

Segundo o artigo 57 LCSP a estimación dun recurso que conleve a anulación de cláusulas ou condicións dos pregos ou documentación contractual de natureza análoga, determinará a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación, o que implica a anulación do acordo adoptado polo Pleno municipal o 01.12.2022 de aprobación do expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR".

Á vista do que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Executar a Resolución 13/2023 do TACGAL pola que se anulan as magnitudes económicas da licitación do servizo de axuda no fogar e, polo tanto, en aplicación do artigo 57 LCSP, o acordo adoptado en sesión do 01.12.2022 de aprobación do expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR", ordenando a

retroacción do procedemento ao momento anterior á adopción deste acordo, ao obxecto de que se emenden as deficiencias que foron obxecto de anulación polo TACGAL e se faga unha nova convocatoria previa aprobación do expediente emendado.

SEGUNDO.-Publicar este acordo no perfil do contratante e no Diario Oficial da Unión Europea.

TERCEIRO.-Notificar este acordo aos licitadores

CUARTO.-Dar traslado deste acordo ao TACGAL.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Juventino José Trigo Rey.”

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, que despois de escoitar da concelleira de servizos sociais que tiveron que darlle a razón ao TACGAL, como non podía ser de outra maneira, ao non prever o incremento salarial, recórdalle que ten unha empresa contratada para a redacción dos pregos, e que non seu momento xa foi advertida polo Partido Popular e polo grupo Socialista de que ese prego non tiña moito recorrido, pola non previsión dos incrementos salariais e outros temas a maiores. Baixo a súa impresión, hai falta de traballo e recomenda que se escoite cando se trata dun contrato tan importante. Anuncia que a posición do seu grupo vai ser de abstención, xa que no seu momento debeuse retirar o prego e esperar ao que fa suceder coa negociación da suba salarial.

De seguido, fai uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que afirma que asisten asombrados a estas declaracións e que a concelleira xa foi avisada das subas salariais e das reclamacións do/as traballadores/as, co que leva a pensar que non fixo o seu traballo. Pódese afirmar que dentro do propio concello existe persoal cualificado que podería asesorala na renovación deste contrato e asistimos á unha falta de traballo e de improvisación por non mirar as cousas, sendo responsabilidade do goberno poñer unha persoa que sexa capaz de sacar este contrato adiante, sen ter que pasar novamente polo pleno para solucionar os erros continuos. Roga que se busque no equipo de goberno unha persoa con capacidade que poida sacar este contrato adiante; engade que o grupo Socialista non vai cos seus votos solucionar os erros do equipo de goberno, debido a unha negligencia absoluta por parte da persoa que leva os servizos sociais e por parte da persoa que lidera o actual goberno tomando decisións.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado logo de obter 6 votos (5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 11 abstencións (6 do grupo do PP, 4 do grupo Socialista e 1 da concelleira do grupo do BNG Cristina García Moroño -por incorrer en causa de abstención-).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Executar a Resolución 13/2023 do TACGAL pola que se anulan as magnitudes económicas da licitación do servizo de axuda no fogar e, polo tanto, en aplicación do artigo 57 LCSP, o acordo adoptado en sesión do 01.12.2022 de aprobación do expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo “AXUDA NO FOGAR”, ordenando a retroacción do procedemento ao momento anterior á adopción deste acordo, ao obxecto de que se emenden as deficiencias que foron obxecto de anulación polo TACGAL e se faga unha nova convocatoria previa aprobación do expediente emendado.

SEGUNDO.-Publicar este acordo no perfil do contratante e no Diario Oficial da Unión Europea.

TERCEIRO.-Notificar este acordo aos licitadores

CUARTO.-Dar traslado deste acordo ao TACGAL.

5. Mocións urxentes

5.1.-Moción do grupo municipal Socialista de Fene de apoio á mobilización atención primaria

A voceira do grupo municipal Socialista de Fene, M^a del Mar Piñeiro Otero, presenta a seguinte moción urxente que queda incorporada á orde do día unha vez que é ratificada a urxencia por 9 votos a favor (3 do grupo Socialista e 6 do grupo do BNG) e 7 abstencións (6 do grupo do PP e 1 do Grupo Mixto).

“MOCIÓN MUNICIPAL APOIO Á MOBILIZACIÓN ATENCIÓN PRIMARIA

O Grupo Municipal dos Socialistas de Fene de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN MUNICIPAL APOLO Á MOBILIZACIÓN ANTENCIÓN PRIMARIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes, que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra.

Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no ornamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados, que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións.

Dende o ano 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para atención primaria. Hoxe o nivel formativo habilitado polo goberno do Estado para novos profesionais sanitarios en 2023 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico/a Interno Residente), EIR (Enfermeira Interna Residente) ou outras especialidades para poder convocar, chegando a 725 só para a nosa Comunidade Autónoma. Non entanto o goberno de Galicia ten anunciado a súa convocatoria e quédase en 620, deixando máis de 100 prazas sen convocar entre as que hai 29 prazas enfermería familiar e comunitaria (que son as especialistas en atención primaria) que neste mesmo 2023 van quedar sen ofertarse por decisión exclusiva do actual goberno de Galicia. Mais ocorre tamén noutras como oncoloxía, pneumoloxía, cardioloxía, anestesia ou todas as categorías en saúde mental onde non se convocan todas as prazas posibles.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias:

Nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estean totalmente cubertos na medida que necesitan.

C.I.
F.:
P-
150
396
0-G

FIRMADO POR Lara Otero Díaz (FECHA: 12/04/2023 07:36:00) , Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 12/04/2023 12:31:00) ,
Juventino José Trigo Rey (FECHA: 12/04/2023 14:50:00)
Versión imprimible

CVD: R/6mKioWBeza5aFYAN/j
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e PACs.

Tamén existen problemas nos hospitais comarcais que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais ou na dotación de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan os cidadáns.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

As continuas mobilizacións e protestas cidadás durante os últimos anos evidencian a crecente contestación social existente co Goberno galego.

MOCIÓN

Ante toda esta situación, e en particular tamén polo que afecta a este concello, formulamos as seguintes propostas de acordo:

O Pleno Municipal do Concello de Fene acorda:

1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.
2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellara de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.
3. Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novas profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuir a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.

En Fene a 19 de xaneiro de 2023

Asinado:
Mar Piñeiro Otero
Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE"

A voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, toma a palabra para dicir que neste caso a entidade convocante é unha entidade partidista, que non ten interese pola sanidade galega, sendo o seu obxectivo atacar á Xunta e ao Partido Popular. As premisas ás que fai alusión, son erróneas e tampouco reclaman ao goberno central o relativo ás súas competencias. Esta plataforma aproveita que as próximas eleccións están preto para reivindicar asuntos que non son nin da competencia da Xunta de Galicia. A falta de médicos de atención primaria non é un

problema exclusivo de Galicia, que non foi planificado de forma axeitada. O voceiro da plataforma SOS Sanidade Galicia foi nomeado membro do Consello asesor do sistema sanitario de Galicia polo goberno bipartito entre 2006 e 2009, quen participou na elaboración dun documento publicado no ano 2009, inda que agora di que os PACs están moi mal, entón concluía no documento respecto da situación en Galicia dos PACs que eran pouco resolutivos, que provocaban unha alta ocupación de profesionais, recoñecía escasez de medios, e que precisaba unha reforma para que houbera menos puntos, menor consumo de profesionais e mellora da calidade asistencial. Polo tanto, este señor como asesor do goberno no 2009 propoñía pechar PACs e agora quede mantelos todos. Entón tamén defendía as gardas obrigatorias para os seus compañeiros.

Non é verdade que na sanidade galega se estea privatizando os servizos e afirma que está entre as mellores de España e que a falta de médicos non é un problema económico, é a terceira comunidade autónoma que mais inviste nisto.

A concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, toma a palabra para facer unha mención que afecta exclusivamente a Fene, e que aínda que estando de acordo con todo o que se reivindica, as mocións enlatadas non sempre nos deixan quedar ben. Manifesta que o centro de saúde de Fene tivo un motón de mobilizacións e reclamacións e o partido Socialista non acudiu á primeira mobilización. Sobre o papel queda moi bonito vir reclamar, estamos en campaña. Anuncia o voto a favor.

A voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permy Meizoso, afirma que o seu grupo está de acordo con esta moción e que van a apoiar a plataforma SOS Sanidade Pública e que acudirán á manifestación.

A voceira do grupo municipal Socialista toma a palabra para contestar a voceira do grupo Mixto indicando que non é verdade que o partido Socialista non acudise as mobilizacións do centro de saúde de Fene, xa que si estiveron presentes membros do partido como José Antonio ou Antón que saen nas fotos que se fixeron.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (4 do grupo Socialista, 6 do grupo do BNG e 1 do Grupo Mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.**
- 2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellara de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.**
- 3. Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novas profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuir a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.**

5.2.-Moción do grupo municipal Socialista de Fene de creación observatorio galego de igualdade no sector pesqueiro

A voceira do grupo municipal Socialista de Fene, M^a del Mar Piñeiro Otero, presenta a seguinte moción urxente que queda incorporada á orde do día unha vez que é ratificada a urxencia por 10

O-G
36E
150
P-
F:
C.T.

votos a favor (4 do grupo Socialista e 6 do grupo do BNG) e 7 abstencións (6 do grupo do PP e 1 do Grupo Mixto), e que transcrita di:

“MOCIÓN CREACIÓN OBSERVATORIO GALEGO DE IGUALDADE NO SECTOR PESQUEIRO

O Grupo Municipal dos Socialistas de Fene de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organization, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN CREACIÓN OBSERVATORIO GALEGO DE IGUALDADE NO SECTOR PESQUEIRO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O traballo das mulleres galegas no sector pesqueiro, no que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental en termos sociais e económicos. As mulleres seguen a ter, neste sector, escasa visibilidade, ou mais ben, sofren invisibilidade. Existe tamén unha forte fenda con respecto aos homes, e onde mais se nota é nas condicións laborais, nos salarios e na conciliación do traballo coa vida persoal e familiar.

A pesar de ser maioría en moitos dos traballos do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, operarias de conserveiras, entre outras; apenas acceden aos órganos de dirección, representación e organización do sector da pesca. Por poñer so un exemplo en 2022 dos 63 patróns maiores dos pósitos galegos so 5 son mulleres, algo que empeorou nas últimas eleccións celebradas ás Confrarías das que so resultaron 3 patroas maiores. Sendo, polo tanto, inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten este acceso, e aquí as administracións, con competencia na materia, teñen moito que dicir e moito por facer para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector fundamental na nosa Comunidade Autónoma.

Facer visible e apoiar as contribucións das mulleres no sector da pesca, defender os dereitos das que traballan en actividades vinculadas co mar e facilitarlles a participación no deseño das políticas que favorezan ao colectivo das mulleres do mar serán a base para acadar o seu empoderamento no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia.

A pesca, marisqueo, a acuicultura, e en xeral, todo o traballo que xira en torno ao mar precisa dun enfoque técnico en materia de igualdade, que con perspectiva de xénero, estude, analice, estableza diagnósticos e realice propostas de medidas correctoras. Isto, no caso de Galicia, polo peso e as características específicas da pesca, do marisqueo e da acuicultura faise imprescindible.

En Galicia contamos cunha única asociación de ámbito galego de mulleres no sector pesqueiro, constituída en decembro de 2016 como "Asociación de Mulleres do Mar de Arousa", pero que en 2021 ampliou o seu ámbito xeográfico a toda Galicia e pasaron a denominarse "*Asociación Mulleres Salgadas de Galicia*", co obxectivo de recoñecer e poñer en valor o traballo feminino galego neste sector que aglutina a máis de 2.000 mulleres do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateiras, oceanógrafas, biólogas, peixeiras, empresarias do turismo vinculadas ao mar, patroas de embarcacións, directivas.

Dentro das medidas que propoñen dende esta Asociación de Mulleres e de cara a contribuír a posicionar o mundo do mar de Galicia dentro da Axenda 2030, especialmente na consecución do obxectivo 5 de Igualdade de Xénero están a promover a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención a escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

MOCIÓN

Por todo o exposto, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Fene a adopción do seguinte acordo:

Pleno do Concello de Fene insta a Xunta de Galicia a crear, coa necesaria contribución orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro Galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención a escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

En Fene, a 19 de xaneiro de 2023

Asinado
Mar Piñeiro Otero
Voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE"

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, afirmando que o seu grupo vai a votar a favor da moción.

A continuación a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, manifesta a súa intención de votar a favor da moción, recordando que desde o grupo de goberno levan moito tempo traballando nos obxectivos de desenvolvemento sostible.

A voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permuy Meizoso, confirma o voto a favor do seu grupo.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Pleno do Concello de Fene insta a Xunta de Galicia a crear, coa necesaria contribución orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro Galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención a escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

0-0
36€
15€
P.
F.
C.T.

5.3.-Moción do grupo municipal Socialista de Fene no Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

A voceira do grupo municipal Socialista de Fene, M^a del Mar Piñeiro Otero, presenta a seguinte moción urxente que queda incorporada á orde do día unha vez que é ratificada a urxencia por unanimidade, e que transcrita di:

"MOCIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

O Grupo Municipal dos Socialistas de Fene de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN DO DIA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de decembro de 2015, a Asemblea Xeral da UNESCO decidiu establecer o **dia 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia** coa idea de promover o acceso e a participación plena e equitativa na ciencia de mulleres e nenas, e ademais, lograr a igualdade de xénero e o empoderamento destas, a través da súa resolución A/RES/70/212.

Como cada ano, dende o PSdeG-PSOE defendemos que os obxectivos de este día son os nosos, reiterando o noso compromiso de promover o avance de maneira decidida do papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a nosa vontade de promover a incorporación das nenas a vocación e a carreira científica.

Para avanzar e indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento as investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais.

Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico,

condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

As nenas e as adolescentes de hoxe deben ser as mulleres do mana nun sistema plenamente compartido e integrado. Deben estar en todos os espazos onde se deciden as novas estratexias e os novos obxectivos, pero tamén alí onde se transforman os contidos, onde se xera o coñecemento. E para iso é necesario derrubar os estereotipos de xénero que vinculan a ciencia coa masculinidade e brindar as xeracións novas exemplos positivos; enxeñeiras, astronautas, investigadoras....

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e no papel das mulleres científicas. A moitos deles, en Galicia, tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como 'Lei Angeles e aprobada coa unanimidade de todos os grupos.

Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se teñen dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III Programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea mais en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que "as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para "enganchar" as nenas as carreiras tecnolóxicas e facelas mais participes da Sociedade da Información". Esta información choca frontalmente co dato de que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada vez mais baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se habrá unha segunda edición.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Fene presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Fene en defensa dos dereitos das mulleres e contra os estereotipos de xénero, tamén no ámbito da ciencia, a innovación e a tecnoloxía.
2. Contribuír ao fomento das vocacións científicas e tecnolóxicas entre as mulleres e as nenas do noso Concello:
 - a) Mediante a realización de campañas que poñan en valor o traballo das mulleres do noso municipio referentes no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.
 - b) Dotando as bibliotecas municipais de recursos bibliográficos que recollan e poñan en valor as traxectorias de mulleres destacadas no ámbito das STEM.
 - c) Que os medios de comunicación propios do Concello de Fene creen espazos específicos para salientar todas aquelas noticias referidas a mulleres e nenas que sexan destacables, co obxectivo de divulgar permanentemente os seus avances e traballos das mulleres en xeral e no edifo científico en particular.
3. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que traballan pola igualdade de homes e mulleres e cos centros educativos do noso municipio para contribuír a rematar coa fenda de xénero existente tamén no ámbito das ramas STEM de coñecemento.
4. Instar á Xunta de Galicia a:
 - a) Desenvolver coa maior celeridade posible a Lei 13/2021 e facilitar asesoramento a todas as entidades e institucións do ámbito científico e investigador para asegurar o seu cumprimento.
 - b) Elaborar unha estratexia urxente de fomento das vocacións tecnolóxicas entre as mulleres que rache coa tendencia actual de incremento da fenda de xénero.
 - c) Presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre do ano, un novo plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia que faga especial atención en rachar cos estereotipos de xénero

En Fene, a 26 de xaneiro de 2023

O-G
36E
150
P-
F:
C.I.

Asinado:
Mar Piñeiro Otero
Voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE"

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Popular, Rocío Aurora Bértoa Puente, afirmando que con respecto aos dous primeiros puntos do acordo que son de competencia municipal si están de acordo. Tamén pregunta á voceira do grupo Socialista se pensa que o goberno vai poder facer unha campaña neste sentido cando son incapaces de sacar un prego dun contrato.

Pregunta tamén que fai o goberno coas mocións que se apoian de competencia municipal, xa que nin poñen unha placa, nin obras para as farmacias....

Continua dicindo que todo o que sexa defender os dereitos das mulleres estarán de acordo, pero fan referencia na moción a presentar un novo plan de actuación para a igualdade e agora mesmo xa está vixente un plan de actuacións para a igualdade nomeado Plan de Coeducación. Nesta estratexia para a convivencia, os centros escolares de educación obrigatoria xa teñen incorporadas o 100 % destas estratexias cuns plans formativos e campañas. Tamén existe un plan de actuación que é o 3º Programa de Ciencia 2022-2025, que busca entre outras metas lograr que mais mulleres desenvolvan a súa actividade na ciencia.

Confirma a súa intención de apoiar a moción, pero non estando de acordo cos dous últimos puntos e, se non se modifican, absteranse.

A continuación a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, manifesta que non entende que a voceira do grupo Popular pense que desde o departamento de Igualdade non se está a traballar nos dereitos das mulleres e a violencia de xénero. Dá conta de que nestes momentos hai un programa en marcha, Contando Ciencia, e que se non se acude a el, non se pode saber que se está facendo. Todas as campañas fanse en favor da igualdade e en todos os campos, usando sempre os medios de comunicación que ten o concello e facendo partícipes a todas as asociacións coas que conta o concello.

A voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permuy Meizoso, confirma o voto a favor do seu grupo.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que explica que o que se trata é de ratificar o compromiso con este tema, non de que non se estea a facer nada. Solicita facer un maior esforzo para chegar a esas nenas que por descoñecemento ou falta de información non teñen en conta as modalidades tecnolóxicas. Solicita que o día 11 leven a cabo actuacións para visualizar este problema, sen ningún tipo de crítica ó labor que fai o goberno nesa área.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (4 do grupo Socialista, 6 do grupo do BNG e 1 do Grupo Mixto) e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Fene en defensa dos dereitos das mulleres e contra os estereotipos de xénero, tamén no ámbito da ciencia, a innovación e a tecnoloxía.
2. Contribuír ao fomento das vocacións científicas e tecnolóxicas entre as mulleres e as nenas do noso Concello:
 - a) Mediante a realización de campañas que porían en valor o traballo das mulleres do noso municipio referentes no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.
 - b) Dotando as bibliotecas municipais de recursos bibliográficos que recollan e poñan en valor as traxectorias de mulleres destacadas no ámbito das STEM.
 - c) Que os medios de comunicación propios do Concello de Fene creen espazos específicos para salientar todas aquelas noticias referidas a mulleres e nenas que sexan destacables, co obxectivo de divulgar permanentemente os seus avances e traballos das mulleres en xeral e no edifo científico en particular.
3. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que traballan pola igualdade de homes e mulleres e cos centros educativos do noso municipio para contribuír a rematar coa fenda de xénero existente tamén no ámbito das ramas STEM de coñecemento.

4. Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Desenvolver coa maior celeridade posible a Lei 13/2021 e facilitar asesoramento a todas as entidades e institucións do ámbito científico e investigador para asegurar o seu cumprimento.
- b) Elaborar unha estratexia urxente de fomento das vocacións tecnolóxicas entre as mulleres que rache coa tendencia actual de incremento da fenda de xénero.
- c) Presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre do ano, un novo plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia que faga especial atención en rachar cos estereotipos de xénero

6. Rogos e preguntas

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que comenza facendo un rogo, xa que desde fai tempo o grupo municipal Socialista está a abusar na presentación de mocións enlatadas. Desde o partido Popular tamén se poden traer este tipos de mocións, pero buscando un pouco de medida non se fai. Pregunta á voceira Socialista se está a tapar a falta de traballo durante toda a lexislatura, con tanta actividade nos últimos tempos de carácter partidista.

Afirma que é libre para traer todas as mocións que queira, que nunca se puxo impedimento, aínda que o alcalde podería facelo, pero en época preelectoral sería máis normal falar das carencias do Concello de Fene.

Fala tamén da situación dos Servizos Sociais do concello, vendo que a través do rexistro de entrada a maioría dos escritos dirixidos a Servizos Sociais fan referencia a solicitudes de SAF, pensións non contributivas, complementos de alugueiro, dependencia, axudas de emerxencia social e outras. En relación a isto houbo unha inspección da consellería da que se solicitou a acta da mesma e que se fai falta pediranse novamente por escrito.

Afirma que a concelleira de Servizos Sociais está dando instrucións ás traballadoras deste servizo e que están contestando que se lles diga cales son as súas tarefas. Este é un tema bastante delicado, xa que afecta ao servizo que se presta aos veciños.

Continúa falando sobre a contratación dunha empresa para o asesoramento xurídico para a contratación, e despois de ver a primeira factura, pensamos que se trataba de regularizar todos aqueles contratos que se comprometeu a voceira do grupo municipal Socialista. Despois de preguntar ao goberno sobre este asunto, na contestación afirmábase que non se conta cos medios humanos suficientes e que a secretaria informa desfavorablemente. Na factura faise referencia a prestación de servizos do mes, sen especificar de que se trata. En relación a isto preguntase se en relación a este contrato se invitaron a outras empresas ou ofertas os servizos? Se sabían que o representante da empresa que presta os servizos foi voceiro do BNG en Corcubión en lexislatura 2011-2015?

Prosegue facendo os seguintes rogos e preguntas:

- O rexistro de entrada número 316, de anteproxecto de obras de mellora da acceso ao polígono do Vilar do Colo, correspóndese a subvencións de polígonos?

-As concelleiras do grupo municipal Socialista que formaron parte do goberno, sen ningún membro do Bloque Nacionalista Galego, visitaron o polígono coa responsable de solo industrial, que tamén era partido Socialista, nunca se soubo a que correspondía esa xestión: fíxose algunha xestión?

- Por parte do Colexio do Ramo, estase pendente do arranxo de varios temas, co que se pregunta se atenderon esa solicitude.

-A Sociedade Cultural Maniños solicitou en decembro o mantemento do terreo de xogo, gustaríalle saber o que se fixo ao respecto.

-Comenta que en relación ao POS+ 2023, viron a entrada por rexistro de proxectos de obras. En relación a isto o grupo Popular non foi consultado para nada, polo que recordan que non teñen maioría e que para as obras sempre hai boa vontade por parte do grupo popular, pero habendo servizos básicos pendentes de facer, non sabe se van dar o voto para cuestións de paseo e embellecemento.

-Solicita información en relación ao rexistro de entrada do 05-12-22, do Consorcio Galego de Benestar que reclama o pago dos meses de xuño, agosto e setembro.

-Relativo a proposta de sanción de augas de Galicia por desatender un requirimento, pregunta a que lugar se refire.

-En relación ao rexistro de entrada do 23-11-2022, a Axencia Tributaria notifica acordo de imposición de sanción, co que solicitan saber a que é debido.

-Pregunta se se fixo algún trámite en relación co arranxo da Nacional VI desde Avenida Naturais.

O-G
096
151
P-
F:
C.I.

- No tocante aos terreos para o novo centro de saúde, como xa pasaron uns meses, saber os motivos da demora.
- Comenta que se están a facer limpeza de beirarrúas, por unha empresa que nos seus vehículos non figura nome, traballan sábados e domingos, co que necesitarían saber que empresa é, se existe contrato e autorización de gasto.
- No tocante ao orzamento prorrogado, seguen consignados os mil euros para a carreira profesional, non teñen pensado facer nada?
- Hai un recurso relativo ás prazas de estabilización, advirten sobre este tema e preguntan se teñen pensado resolver o recurso, xa que sempre se está bordeando a legalidade e hai que ser fino e ecuánime.
- Roga que se controle o uso das prazas de minusválidos, na zona do Cádavo e na Avenida de Tarrío.
- Díxose que se renovaran farolas dende Aguilar ata Maniños por bombillas eficientes. A intensidade lumínica é moi baixo fronte a outras lámpadas led.
- Na Xunta de Goberno Local do 17 de novembro, lévanse unha relación de facturas a aprobación, na que figura a empresa Autopeysa con facturas do 2020, e piden saber o motivo da tardanza no pago das mesmas.
- Rogan tamén saber como vai a subvención da Confraría de Barallobre, a limpeza do Camiño de Piñeiro - Manso e limpeza das curvas de Santa Ana.
- Recorda que na actual lexislatura non se convocou ningún Consello Municipal Escolar.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que solicita a limpeza do río por mor do temporal, na zona de Limodre.

A continuación, o alcalde, Juventino José Trigo Rey, toma a palabra, para dicir que toma nota do rogo do voceiro do Partido Popular, respecto do número de mocións a presentar.

Segue respondendo do motivo da visita dunha responsable de SEPES, que non tivo nada que ver coa ampliación do polígono, senón cunha solicitude de subvención para o Camiño Inglés.

No tocante ao arranxo da Nacional VI, resposta que na última visita do Delegado do Goberno, volveuse trasladar outro informe e nova solicitude, quedando pendente, xunto co tema do novo centro de saúde.

Dá conta que a contratación da empresa de asistencia en materia de contratación, foi mediante un contrato menor, sen ter a información para saber se se correspondía cun concelleiro do BNG en Corcubián.

En resposta ás preguntas formuladas por escrito polo grupo Socialista de Fene, dicir que en relación á limpeza do río, seguen a tomarse as medidas de sempre. No verán fíxose unha reunión con Augas de Galicia, no que se tratou este tema, requirindo a propietarios de que procedan á limpeza de fincas.

No relativo ao punto limpo, a empresa xa ten as chaves das instalacións, estando pendentes da licenza da Xunta para o funcionamento.

Segue respondendo a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permuy Meizoso, que en relación ás obras pendentes nos colexios, estanse a levar a cabo.

As empresas que están a limpar as beirarrúas son 2, están identificadas e non traballan a fin de semana e a documentación das mesmas faráselles chegar na comisión correspondente.

En relación coas luces led, son os electricistas os que din a potencia que deben de levar.

Comenta que nos próximos días vaise proceder a os "rebacheos" pendentes

Sobre a pregunta da concelleira do Grupo municipal Socialista relativa ás limpeza, vai contestar desde o momento no que o Bloque Nacionalista Galego colleu a concellería de Medio Ambiente e Servizos. Desde ese momento fíxose a limpeza do río en setembro e os días 21, 22 e 30 de decembro por dúas empresas.

No tocante a entrada do campo de fútbol do Maniños, informa a concelleira que cando se presentou a pregunta, os traballos xa estaban realizados con medios propios do concello.

En relación aos traballos realizados nos colexios, dicir que se vai dando conta dos mesmos na comisión informativas ordinarias, dando conta nestes intre dos traballos realizados nos colexios da Xunqueira, Centieiras, O Ramo e Os Casais, non tendo unha valoración económica exacta dos mesmos ao ser feitos na súa maioría con medios propios. Comenta ao partido Socialista e ao grupo Popular que se están a atender as demandas dos colexios de maneira regular.

Sobre a pregunta de se existe algún problema co conserxe de O Ramo, afirma que non existe ningún problema, xa que no cumprimento das súas 35 horas semanais hai unha proposta de horario pola que se modificará o seu actual horario para adaptarse ás necesidades.

Dille tamén a concelleira Socialista que cando acude a un consello escolar acude como representante do Concello, non como representante do seu grupo político. Rogándolle que se acude a un consello escolar e hai algo que amañar se comunique ao goberno para proceder.

En canto aos plans de emerxencia, están feitos desde outubro de 2022.

0-0
360
150
P.
F.
C.I.

A concelleira Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, aclara a pregunta relativa á praza de promoción interna de arquitecto técnico, solicitando saber se se vai amortizar ou se sae por concurso, ao igual que outras.

A voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Alejandra Permuy Meizoso, contesta que non entende a segunda parte da pregunta, pregunta á Sra. Piñeiro cales son as outras prazas e que este tema xa foi levado a Mesa Xeral Negociación, na cal a concelleira Socialista non acudiu, na que se dixo que a praza se non se cubrían sería amortizada, o que non garda relación con outros procesos sacados por concurso, xa que neste caso non hai posibilidade de facer un concurso por provisión de postos porque non afecta ao mesmo grupo de clasificación do persoal.

No referente ao paseo de San Valentín, foi amañado pola demarcación de Costas e polo propio concello ao chegar a un acordo, tralos danos sufridos polo temporal.

Toma a palabra o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, Manuel Polo Gundín, para contestar ao Partido Popular que as preguntas da área de Facenda contestaranse por escrito ou na vindeira Comisión.

No relativo a pregunta formulada polo partido Socialista por escrito, sobre o número de informes que se levaban feito pola asistencia técnica contratada polo concello, facer referencia ao listado que se acompaña sempre na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio.

Afirma que as empresas que se contratan neste concello, faise en atención a súa capacidade, cualificación e profesionalidade, sen pedir o carné do partido ao que están afiliados.

No caso da empresa que informa as licenzas de obra, tanto de vivenda nova como de rehabilitación, informou un número de 23, así como 2 comunicacións previas que tiñan complicacións.

O arquitecto técnico contratado, vén desenvolvendo o seu traballo desde o mes de agosto, para atención ao público e informar as comunicacións previas. Afirma tamén que con estes apoios descritos as licenzas do concello están ao día.

A continuación toma a palabra a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, Cristina García Moroño, para contestar ás preguntas formuladas por escrito polo grupo Socialista. No caso do mantemento do campo de fútbol dos Pinares a empresa que leva o mantemento está pendente do tempo para realizar os traballos.

A continuación toma a palabra a concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, Justo Martínez Ardá, para responder sobre o requirimento de Augas de Galicia, dicindo que non é concretamente a zona do Carril pero si preto; avisouse á empresa Viaqua para que pasase pola zona, para ver se fora unha fuga puntual ou hai un vertido.

Resposta tamén que o proxecto do Redondo é un aglomerado.

Seguidamente toma a palabra a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, María de los Ángeles Coira López, para aclarar que se vai a solicitar unha subvención para mellorar a sinalización viaria en varias zonas, entre elas o acceso ao polígono.

En relación ao custe da Festa Mariñeira, as facturas correspondentes están subidas no FACE. No relativo a Confraría de Barallobre e o seu convenio, en agosto de 2022 acordouse a concesión dunha subvención de ata 8.000 euros para o desenvolvemento de actividades. En novembro enviouse un requirimento dunha memoria explicativa das actividades a desenvolver e o orzamento. A memoria entregada facía referencias a gastos da actividade da asociación, considerándose non subvencionables. A confraría presentou unha nova memoria que está a ser estudada pola intervención municipal.

No relativo a representación do Concello de Fene, na feira de Fitur, aclara que non houbo representación.

Sobre a pregunta das subvencións ás comisións de festas, para o pago de orquestras, a maiores da información dada nas comisións informativas, dicir que se está a espera da revisión da documentación presentada, e de que a comisión de festas de Sillobre desistiu da mesma.

A continuación toma a palabra a concelleira do grupo Mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, para aclarar que no tocante ao motivo da inspección en servizos sociais, darase conta na comisión informativa. A acta solicitada non hai problema en entregala.

En canto aos consellos escolares, estase a espera da representación do profesorado, para convocar o consello municipal.

O-G
360
150
P-
F:
C.I.



Dilixencia: acta aprobada na sesión ordinaria do 05.04.2023
A secretaria accidental
Lara Otero Díaz

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.21 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.
F.:
P.
150
360
0-G